

B A N D O

Polo presente, comunícase a todos os veciños e veciñas do **concello de Cambre** que, ante a emerxencia de saúde pública provocada polo COVID-19 e en concordancia coas medidas anunciadas polas autoridades sanitarias da Xunta de Galicia e do Ministerio de Sanidad, pola Alcaldía-Presidencia do Concello de Cambre adoptáronse, no día de onte, as seguintes **medidas** e fixéronse diferentes **recomendacións** que se aplicarán de xeito inmediato e durante un período de tempo indefinido:

PRIMEIRO: cancelación das clases en todos os niveis educativos a partir do próximo luns, 16 de marzo –e durante un período de 14 días-. Quedan suspendidas, ademais, todas as actividades lectivas e extraescolares. Esta medida foi establecida pola Xunta de Galicia.

SEGUNDO: o organismo autonómico anunciou, así mesmo, o peche de todos os centros de maiores.

TERCEIRO: cancelación de todos os eventos culturais, deportivos e/ou xuvenís –incluído o *Cityplan*– organizados polo Concello. Todas as actividades quedarán canceladas desde mañá, venres 13 de marzo.

CUARTO: cancelación das feiras organizadas polo Concello de Cambre -feiras do Temple e de Cambre ata novo aviso.

QUINTO: o pleno extraordinario que terá lugar o próximo luns, 16 de marzo, levarase a cabo a porta pechada. Esta medida aplicarase tamén aos plenos ordinarios que se celebren durante esta situación.

SEXTO: as instalacións municipais permanecerán pechadas: locais sociais, Museo Arqueolóxico, Casa das Palmeiras, Casa da Cultura Vila Concepción, bibliotecas municipais, piscina municipal, ximnasio, etc. A piscina municipal da Barcala estará pechada desde o 16 de marzo.

SÉTIMO: os parques infantís do termo municipal permanecerán pechados desde o venres 13 de marzo e ata novo aviso.

OITAVO: a Casa Consistorial permanecerá aberta, pero non se atenderán citas dos veciños e veciñas de forma presencial. O rexistro municipal da Casa do Concello seguirá aberto, exclusivamente, para atender casos de urxencia. Recoméndase aos veciños e veciñas que realicen calquera consulta por vía telefónica ou telemática. No teléfono 981 61 31 28 indicaráselles aos veciños e veciñas todos os pasos que deben dar para realizar calquera xestión telematicamente. Os rexistros do Temple e da Barcala permanecerán pechados ata novo aviso.

NOVENO: no caso do departamento de Servizos Sociais, tan só se atenderán, de forma presencial, aquelas citas de carácter urxente. O resto de citas, atenderanse por vía telefónica ou a través do correo electrónico.

DÉCIMO: en canto ao Servizo de Axuda ao Domicilio, o Concello establece tamén as seguintes medidas:

- Os traballadores e traballadoras que prestan o Servizo de Axuda do Domicilio deixarán de acudir a aquelas vivendas nas que a súa función sexa, unicamente, a realización de tarefas domésticas.
- Reduciranse e/ou eliminarán as visitas dos traballadores e traballadoras a aqueles domicilios nos que o usuario ou usuaria conte co apoio dunha 3º persoa que se poida facer cargo do seu coidado.

- O Servizo de Axuda a Domicilio seguirase prestando con total normalidade nos casos de urxencia. Esta urxencia virá determinada, en todo caso, polo equipo de técnicos de Servizos Sociais.

UNDÉCIMO: o Concello instaurará o sistema de teletraballo entre os traballadores e traballadoras da Casa do concello. O Concello poñerá ao dispor dos funcionarios e funcionarias que o requiran equipos informáticos para que poidan desenvolver as súas funcións con normalidade. Con todo, todos os departamentos contarán con persoal que traballará, de forma presencial, na Casa do Concello.

DUODÉCIMO: a modalidade de teletraballo impoñerá tamén entre os concelleiros e concelleiras do goberno local. Así, a partir da próxima semana, haberá 4 concelleiros que traballarán, de forma presencial, mentres que o resto estarán nos seus domicilios. Estas quendas variarán cada semana.

DÉCIMO TERCEIRO: así mesmo, recoméndase á veciñanza que, de non ter acceso a xel alcohólico para a limpeza das mans, as lave con auga quente e xabrón.

Como indicaron os diferentes organismos oficiais, recoméndase non realizar visitas nin a residencias de maiores nin a hospitais, a excepción de casos de extrema necesidade.

Recoméndase ás persoas maiores do municipio –un dos grupos de risco- a permanecer nas casas para evitar posibles contaxios.

É conveniente evitar viaxes e desprazamentos que non se consideren imprescindibles.

Recoméndase, así mesmo, que se sigan as instrucións ditadas polo Ministerio de Sanidade e a Consellería de Sanidade. En caso de presentar algún síntoma, é preciso contactar co 061. Para máis información sobre o novo coronavirus, a Consellería de Sanidade puxo o teléfono 900 400 116 a disposición dos galegos e galegas.

Por último, recoméndase aos veciños e veciñas que manteñan a calma e que se informen, exclusivamente, a través de organismos oficiais.

Cambre, asinado electrónicamente.

O alcalde

Oscar A. García Patiño